

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004137	IES Ramón M ^a Aller Ulloa	Lalín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Educación física	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

As funcións do bacharelato en xeral, e en particular da educación física, son á vez, formativas, propedéuticas e orientadoras, o que lle da un valor terminal e non só de paso para estudos posteriores. Polo tanto, trataremos de proporcionar ó alumnado unha madurez intelectual e humana, así como os coñecementos e habilidades que lles permitan cumprir as súas funcións sociais con responsabilidade e competencia.

De igual xeito, o carácter propedéutico da etapa, permitirá presentar diferentes posibilidades orientadoras na dirección de futuros estudos, ben sexa en carreiras universitarias, en ciclos formativos, ou en outros ámbitos especializados, como o deportivo, turístico, artístico e lúdico.

A Educación Física que se pretende desenvolver é máis competencial, actual e adaptada ás necesidades da cidadanía do século XXI.

Os Obxectivos da materia recollen e sintetizan estas liñas de traballo que a través da capacitación do alumnado na planificación autónoma e a autorregulación da súa práctica física, buscan consolidar un estilo de vida activo e saudable.

Nesta etapa continuarase incidindo no dominio da competencia motriz e afondarase nos componentes técnico-tácticos das súas manifestacións, así como nos factores que condicionan a súa posta en práctica.

Para o desenvolvemento integral do alumnado serán necesarias as capacidades de carácter cognitivo e motor e as de carácter afectivo-motivacional, de relacións interpersonais e de inserción social, especialmente de cara ao seu futuro persoal e profesional.

Os contidos da materia organízanse en seis bloques que deberán desenvolverse en distintos contextos, coa intención de xerar situacións motrices de aprendizaxe variadas: "Vida activa e saudable", "Organización e xestión da actividade física", "Resolución de problemas en situacións motrices", "Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices", "Manifestacións da cultura motriz" e "Interacción eficiente e sostible coa contorna".

O Instituto está situado na localidade de Lalín, pertencente ao concello de Lalín, un dos máis importantes de Galicia, e está próximo a Santiago de Compostela.

Na actualidade, este concello conta cunha economía moi diversificada, posto que a tradicional actividade agrícola e gandeira foi abrindo portas progresivamente nas últimas décadas a un sector industrial en expansión, principalmente puxante nas ramas do téxtil, do aluminio e da construción. A crise económica actual afectou con intensidade a estes sectores, abocando ao peche á maioría das empresas. Esta diversificación tamén ten unha tradución xeográfica, posto que no núcleo urbano e nas parroquias colindantes atópanse todos os servizos e a maior parte das industrias - situadas maioritariamente nos dous polígonos existentes-, mentres que na zona eminentemente rural a economía segue a estar baseada nas explotacións agropecuarias, que aproveitaron a riqueza da comarca para modernizarse e facerse máis competitivas, sendo hoxe en día o sector máis puxante.

Composto por parte do noso alumnado que obtén título de graduado en ESO e algúns alumnos procedentes do CPI de Rodeiro, do IES Laxeiro e de centros concertados (CPR Sagrado Corazón e CPR María Inmaculada).

De maneira xeral, pódese dicir que o alumnado de Bacharelato é heteroxéneo en canto a intereses, motivacións e nivel académico. Por unha parte están os alumnos que conseguiron o título da ESO no centro sen materias pendentes e boas cualificacións; por outro, os alumnos que titularon no centro con unha ou dúas materias pendentes, e por último os alumnos que se incorporan ao Centro, dos que descoñecemos na súa maioría o consello orientador.

O desenvolvemento motor é algo imprescindible no sistema educativo, adaptado as esixencias do alumnado, para conxugar os procesos cognitivos, biolóxicos e socioafectivos que lle permitan ao alumnado afrontar e superar os problemas motrices que puidesen xurdir en diversos contextos a partir dunha aprendizaxe significativa.

Desde outra óptica, o estilo de vida sedentario require que a educación física se estableza como contrapeso e manteña o equilibrio psíquico e físico do ser humano e favoreza prácticas saudables para o tempo de lecer.

Propónse unha educación física formativa que permita a través da motricidade construír a identidade corporal dos nosos/as alumnos/as. Para iso concretamos actuacións axustadas aos ritmos de aprendizaxe e ás características do alumnado e a contorna.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interiorizar o desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable, planificando responsable e conscientemente a súa actividade física a partir da autoavaliación persoal con base en parámetros científicos e avaliábeis, e axustando as prácticas motrices ás súas necesidades e motivacións persoais para satisfacer as súas demandas de lecer activo e de benestar persoal, así como coñecer posibles saídas profesionais asociadas á actividade física.			2-5	1-4	11-12-50		3	
OBX2 - Adaptar autonomamente as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices específicas das modalidades practicadas, a diferentes situacións con distintos niveis de dificultade, aplicando eficientemente procesos de percepción, decisión e execución adecuados á súa lóxica interna para resolver situacións motrices vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas, e consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					12-40		2-3	
OBX3 - Difundir e promover novas prácticas motrices, compartindo espazos de actividade físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto cara aos participantes e ás regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica e proactiva ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír autonomamente ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa, fomentando a detección precoz e o coñecemento das estratexias para abordar calquera forma de discriminación ou violencia.	5	3			11-20-50	3		
OBX4 - Analizar criticamente, e investigar, sobre as prácticas e manifestacións culturais vinculadas coa motricidade segundo a súa orixe e evolución, desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económicos, políticos e sociais que condicionasen o seu desenvolvemento, practicándoas e fomentando a súa conservación para ser capaz de defender, desde unha postura ética e contextualizada, os valores que transmiten.		3	5		12	1		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Implementar un estilo de vida sustentable e comprometido coa conservación e mellora da contorna, organizando e desenvolvendo accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, asumindo responsabilidades na seguridade das prácticas, para contribuír activamente ao mantemento e coidado do medio natural e urbano e dar a coñecer o seu potencial entre os membros da comunidade.			5		12-20	4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Actividade Física e deportes de adversario	Aplicación quentamento específico, pilates, ioga activo, actuacións críticas ante accidentes e o bádminton	33	35	X		
2	Programa persoal de actividade física e deportes colectivos	Planificar, elaborar e por en práctica un programa persoal de mellora da condición física aplicando distintos sistemas de adestramento. Deportes colectivos, baloncesto e fútbol sala	33	35		X	
3	Actividades no medio natural, deporte individual e manifestacións da cultura motriz	Desenvolver actividades motrices no medio natural, orientación, sendeirismo e xogos tradicionais. Técnicas de expresión corporal e actividades rítmico- musicales. Deportes individuais A	34	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Actividade Física e deportes de adversario	35

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos.	elaboración dun programa persoal de actividade física seguindo as pautas establecidas.	PE	10
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais.	Actividades de activación e prevención, pilates e ioga activo		
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Respetar as normas na clase en canto a prevención de riscos na actividade física.		
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Coñocer algunha aplicación para o desenvolvemento da actividade física.		
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Coñocer as normas básicas de primeiros auxilios e pautas de actuación.	TI	90
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Desenvolver tarefas de aplicación práctica de xeito individual ou grupal		
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Adaptar as capacidades de cada quen as necesidades do xogo e toma de decisións adecuada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Adaptar os fundamentos técnicos a práctica deportiva, fases de percepción, decisión e execución.		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar cos compañeiros/as na resolución de problemas motores		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Actitude crítica ante situacións deportivas contrarias ás normas establecidas		
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Actitude crítica ante a relevancia social das actividades deportivas		
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Implicarse nas actividades físicas e deportivas aplicadas		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Práctica de actividades físicas no entorno natural, facilitando a conservación e mellora del.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física. - Programa persoal de actividade física atendendo á frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade. - Autoavaliación das capacidades físicas e coordinativas como requisito previo á planificación: técnicas, estratexias e probas de valoración.

Contidos

- Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal.
- Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados.
- Planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas: forza e resistencia.
- Sistemas de adestramento.
- Profesións vinculadas á actividade física e á saúde.
- Dietas equilibradas segundo as características físicas e persoais.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Técnicas básicas de descarga postural e relaxación.
- Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física.
- Musculatura lumbo-pélvica para adestramento da forza.
- Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas.
- Saúde social.
- Beneficios e regras da práctica de actividade física para a saúde individual ou colectiva.
- Hábitos sociais e os seus efectos na condición física e a saúde.
- Vantaxes e inconvenientes do deporte profesional.
- Saúde mental.
- Técnicas de respiración, visualización e relaxación para liberar tensión e os seus beneficios na atención e concentración.
- Trastornos vinculados coa imaxe corporal.
- Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza en publicidade, e medios de comunicación e redes sociais.
- Selección responsable e sustentable do material deportivo.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices.
- Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade.
- Protocolos ante alertas escolares.
- Actuacións críticas ante accidentes.
- Conduta PAS: protexer, avisar, socorrer.
- Desprazamentos e transporte de accidentados.
- Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA).
- Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar).
- Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).

Contidos

- Contido básico de caixa de primeiros auxilios.
- Toma de decisións.
- Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais.
- Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas.
- Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición.
- Oportunidade, pertinencia e risco das accións nas actividades físico-deportivas de contacto a partir da análise dos puntos fortes e débiles propios e do rival.
- Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica.
- Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles.
- Xestión do éxito e da fama en contextos físico-deportivos: exemplos, dificultades e estratexias.
- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.
- Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade.
- Mercado, consumismo e deporte.
- Saídas profesionais no ámbito deportivo.
- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.
- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.

UD	Título da UD	Duración
2	Programa persoal de actividade física e deportes colectivos	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos.	Elaborar un plan persoal de mellora da condición física dacordo ás capacidades de cada quen	PE	10
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais.	Aplicar fases de quecemento ,parte principal e parte final acorde as necesidades de cada quen		
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Actitude crítica ante situacións discriminatorias		
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Coñecer algunha aplicación para a práctica física e deportiva		
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Coñecer normas básicas de primeiros auxilios e actuación ante situacións de emerxencia. Normas para a prevencións de lesións	TI	90
CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Aplicar fundamentos técnicos e tácticos nas actividades deportivas, adptándoas ás necesidades do proceso.		
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar cos compañeiros na resolución de problemas motores		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Aplicación dos fundamentos técnico-tácticos nas actividades deportivas. Toma de decisións axeitadas ás necesidades de cada momento.		
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Aplicación axeitada dos fundamentos técnicos ás distintas tarefas propostas, fases de percepción, decisión e execución axeitadas.		
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Practicar as actividades deportivas manifestando superación e esforzo na súa aplicación		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Resolución pacífica dos conflitos nas prácticas das distintas manifestacións deportivas		
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Actitude crítica ante a importancia social e cultural das manifestacións deportivas		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participación no entorno natural de diversas actividades físicas e deportivas, facilitando a conservación del		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física.

Contidos

- Programa persoal de actividade física atendendo á frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.
- Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal.
- Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados.
- Planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas: forza e resistencia.
- Sistemas de adestramento.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Musculatura lumbo-pélvica para adestramento da forza.
- Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas.
- Saúde social.
- Hábitos sociais e os seus efectos na condición física e a saúde.
- Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares).
- Selección responsable e sustentable do material deportivo.
- Análise crítica de estratexias publicitarias.
- Autoxestión de proxectos persoais de carácter motor.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices.
- Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade.
- Protocolos ante alertas escolares.
- Actuacións críticas ante accidentes.
- Conduta PAS: protexer, avisar, socorrer.
- Desprazamentos e transporte de accidentados.
- Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA).
- Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar).
- Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).
- Contido básico de caixa de primeiros auxilios.
- Toma de decisións.
- Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais.
- Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas.
- Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición.
- Oportunidade, pertinencia e risco das accións nas actividades físico-deportivas de contacto a partir da análise dos

Contidos

- puntos fortes e débiles propios e do rival.
- Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles.
- Xestión do éxito e da fama en contextos físico-deportivos: exemplos, dificultades e estratexias.
- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.
- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.
- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.

UD	Título da UD	Duración
3	Actividades no medio natural, deporte individual e manifestacións da cultura motriz	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Coñecer algunha aplicación de contidos da materia e a súa aplicación.		
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar e participar cos compañeiros/as no desenvolvemento de prácticas deportivas colectivas	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Resolución de conflitos no desenvolvemento da práctica deportiva e actitude crítica ante actuacións contrarias ás normas establecidas.		
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Actitude crítica ante situacións motrices contrarias ás normas establecidas. Valorar a súa influencia cultural e social		
CA5.3 - Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas, con e sen base musical, aplicando con precisión, idoneidade e coordinación escénica as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición para representalas ante as súas compañeiras e compañeiros ou outros membros da comunidade.	Participar en composicións corporais individuais e colectivas		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Práctica de actividades físicas e deportivas no medio natural e urbano. Facilitar a súa conservación e mellora.		
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Práctica de actividades físicas e deportivas no medio natural minimizando os riscos e con seguridade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física. - Profesións vinculadas á actividade física e á saúde. - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. - Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas. - Saúde social. - Selección responsable e sustentable do material deportivo.

Contidos

- Análise crítica de estratexias publicitarias.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.
- Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes.
- Técnicas específicas de expresión corporal.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con intencionalidade estética ou artístico-expresiva.
- Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte.
- Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade.
- Mercado, consumismo e deporte.
- Saídas profesionais no ámbito deportivo.
- Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sostible en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura.
- Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades.
- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.
- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.
- Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.
- Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta dende o departamento de Educación Física para o alumnado de bacharelato vai dirixida fundamentalmente cara a consecución dunha autonomía por parte do alumnado, que a nivel práctico tradúcese nunha diminución na toma de decisións por parte do profesor e un aumento destas polos alumnos. O profesor ensinará unha serie de principios reitores e permitirá o discente actuar por si só de forma progresiva, pasando dunha fase directiva, (dotación do bagaxe de coñecementos e experiencias o máis amplo posible), unha fase autónoma, (potenciar técnicas de indagación e investigación, e aplicacións e transferencias do aprendido á vida real). Con elo non se trata de deixar facer e permitir ós alumnos facer o que lles apeteza, todo o contrario, a labor do profesor irá encamiñada a potenciar a reflexión crítica sobre a finalidade das súas propostas, proporcionándolles a axuda necesaria para aprender a planificar a súa actividade física e levala á práctica.

Traballaranse os diversos tipos de actividades nas diversas unidades didácticas plantexadas: actividades de introdución-motivación, de coñecementos previos, de desenrolo, de síntese-resumo, de reforzo, de recuperación e de ampliación, en base as súas necesidades. Ademais será necesario prever os procedementos de avaliación e dalos a coñecer ó alumnado dende o primeiro momento.

A motivación é un aspecto moi importante para acadar unha aprendizaxe eficaz. Para elo, as actividades propostas deben de conectar directamente cos intereses deles, utilizando tódolos medios, recursos e actividades necesarias para acadalo.

As estratexias metodolóxicas a empregar para que os alumnos desenvolvan unha conduta motriz autónoma e creativa serán:

- ¿ Fomentar a espontaneidade, non sendo os automatismos a única resposta motriz válida para todos.
- ¿ Ofrecer a máxima responsabilidade ós alumnos.
- ¿ Garantir a participación deles no proceso de toma de decisións.
- ¿ Presentar o deporte como un feito educativo no que prime a participación activa e evitar a discriminación por razón de sexo, nivel de habilidade...
- ¿ Perseguir o desenvolvemento equilibrado.
- ¿ Garantir un tratamento integrador, unitario e multifuncional.
- ¿ Propiciar unha actitude favorable cara a disciplina, estimulando, orientando, marcando e controlando os tempos de execución, minimizando os riscos, etc e permitindo que eles sexan os protagonistas do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

En resumo, a clase permitirá un máximo de participación activa, reducindo ó mínimo os tempos de espera dos alumnos, aproveitando ó máximo os recursos dispoñibles e procurando que acaden altas cotas de autonomía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

O material didáctico empregado perante o curso será variado, en función da parte da materia vista.

Na parte teórica, o alumnado acedará á documentación teórica na páxina web do centro, no departamento de educación física ou na aula virtual no curso correspondente. Completarase coa consulta de libros de texto e as sesións teóricas de aula, (presentación en formato imple).

Na parte práctica, os alumnos exentos ou con algunha lesión, elaborarán traballos dos distintos aspectos da actividade desenvolvidas. Para elo daráselles una guía para facelos, tipo webquest. Asemade, axudarán en clase na organización e realización de tarefas, como árbitros, axudantes do profesor na organización e axuda a aqueles compañeiros que o precisen.

Tamén usaremos o material didáctico da biblioteca: libros de texto e páxinas web

1. ¿O gran libro da natación¿. Editorial Lea
2. ¿ Educación Física. Primeiro Ciclo¿. Editorial teide.
3. ¿ Educación Física. Segundo Ciclo¿. Editorial teide.
4. ¿ Educación Física. Primeiro Ciclo¿. Editorial Serbal.
5. ¿ Educación Física. Segundo Ciclo¿. Editorial Serbal.
6. ¿ Gran Enciclopedia de los Deportes¿.
7. ¿ Documentación teórica elaborada polo departamento de educación física,a disposición dos alumnos-as na aula virtual.
8. ¿ Fichas de traballo deseñadas polo departamento de E.F.¿
9. Libros de distintas actividades físico-deportivas existentes na biblioteca do centro.
10. Recursos audiovisuais: páxinas web de educación, programas específicos: moodle. , webquest, cuestionarios, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso, levarase a cabo unha proba teórica sobre aspectos básicos dos contidos a impartir no curso de referencia, que servirá de base para o seu desenvolvemento.

Asemade, ao comezar cada unidade didáctica, na primeira sesión, farase unha avaliación inicial teórico-práctica, para establecer os grupos de nivel na aplicación práctica da mesma. Deste xeito, estableceranse varios niveis de progresión en cada unidade didáctica, na parte práctica, con actividades axeitadas ao nivel de cada grupo, que permitan ritmos de aprendizaxe distintos en base as capacidades de cada quen.

En resumo, os procedementos a utilizar serán probas teóricas e prácticas, que nos informen do nivel do alumnado e que servirán de punto de partida, na parte teórica e práctica da materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	10	10	0	7
Táboa de indicadores	90	90	100	93

Criterios de cualificación:

Avaliaremos a situación de partida para establecer secuencias de aprendizaxe adecuadas ó nivel inicial presentado polos alumnos e poder así facer un tratamento didáctico das diferenzas individuais, na medida que no lo permita a cantidade de alumnos por aula, ademais de prognosticar as súas posibilidades na parte práctica da materia.

¿ A avaliación resaltarán o progreso e evolución dos alumnos, así como o esforzo demostrado, segundo as súas posibilidades, capacidades e limitacións persoais.

¿ Darase información non só sobre o resultado das tarefas realizadas, tamén sobre o proceso seguido, así como do progreso respecto ás súas posibilidades físico-deportivas.

¿ Na parte teórica, valorarase a elaboración de traballos sobre a unidade didáctica desenvolvida, o deseño dun plan de mellora da súa condición física en base a uns tests iniciais e a exames teóricos en cada avaliación.

¿ Os traballos ou exames de cada unidade didáctica aplicada representarán o 25% da nota final. Aqueles alumnos que non presenten esas actividades citadas, ou que non acaden un cinco terán unha proba teórica específica de cada unidade didáctica.

¿ En cada avaliación hai un exame teórico ou varios traballos das unidades didácticas desenvolvidas.

¿ O número de sesións do plan de traballo individual será de cinco, pero en cada unha delas, dentro do apartado de progresión, terán que deseñar cinco máis de forma esquemática, sobre o método aplicado.

Os traballos que representan o 25% da nota, serán dous ou tres no primeiro trimestre e outros dous no terceiro, pois no segundo elaboran as sesións do plan de traballo individual.

¿ Nas distintas probas teóricas, traballos e sesións do plan de traballo persoal, hai que acadar un cinco.

¿ A parte práctica representará o 75% da cualificación. Valorarase a actitude, o interese por mellorar a partires dunha avaliación inicial das capacidades nesa habilidade físico-deportiva. A tal efecto, entregárase unha ficha a cada alumno/a coa progresión e cualificación correspondente. Dese 75%, o 50% da cualificación será do traballo diario, nivel de progresión en relación ao nivel inicial, actitude, interese, autoesixencia e capacidade de superación. O 25% da cualificación restante corresponde ás probas prácticas dentro de cada unidade didáctica.

¿ O alumnado exento da parte práctica, ben sexa, un tempo ou durante todo o curso, será avaliado na súa totalidade, pola parte teórica. De cada unidade didáctica terán que elaborar os traballos citados e dous máis e unha proba teórica delas.

Criterios de recuperación:

No caso de non superar a avaliación de contidos en cada trimestre, levaranse a cabo unha serie de actividades de recuperación consistentes en:

¿ Probas obxectivas, mediante exames e traballos escritos sobre a materia traballada.

¿ Nos contidos de carácter práctico, adaptarémonos ó nivel do alumnado, sempre que observemos que hai interese en mellorar e capacidade de traballo. No caso contrario, marcaranse uns mínimos individualizados que serán avaliados mediante probas prácticas.

¿ Nos aspectos relacionados coa actividade física e a saúde, alimentación, a hixiene postural a prevención de riscos e actitudes sociais, incidirase na súa importancia cara unha mellor calidade de vida, con traballos específicos de cada aspecto a mellorar.

Os alumnos que non superen os contidos de cada unidade didáctica poden recuperalos coas probas teóricas e prácticas respectivas. Asemade, aqueles que non presenten os traballos, exercicios ou tarefas indicadas, terán que

superar unha proba teórico-práctica específica dese contido, na que terán que acadar un cinco para aprobar.
¿ Elaboración dun programa persoal, aplicando os métodos que desenvolven cada capacidade física e adaptado as capacidades individuais.
¿ Exame teórico e práctico das distintas unidades didácticas aplicadas no curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

non procede

6. Medidas de atención á diversidade

Axustarase a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, facilitando recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses, carencias e capacidades presentadas nos alumnos destas idades. As dúas vías plantexadas basearanse no reforzo educativo e na adaptación curricular.

En ocasións será necesario deseñar actividades de reforzo e ampliación, algunhas das cales pódense levar a cabo en horario extraescolar por parte do alumnado.

As adaptacións afectarán ós aspectos seguintes na práctica:

¿ Á avaliación, modificando os criterios dela, ou os instrumentos e procedementos da avaliación, variando os porcentaxes de cada apartado, no caso dos alumnos/as con lesións, enfermidades ou que presenten partes de excedencia no apartado procedimental, etc.

¿ Á metodoloxía, aplicando métodos, (masiva ou individualizada, por modelo ou por descubrimento, aprendizaxe con ou sen error, aprendizaxe memorístico...), estratexias na práctica, (global ou analítica), e estilos de ensino (asignación de tarefas...) alternativos. Seleccionando actividades alternativas e/ou complementarias; utilizando material didáctico alternativo; modificando o tempo asignado á realización de determinadas tarefas; modificando e adaptando o espazo segundo as actividades, etc.

¿ Ós contidos, seleccionando os contidos básicos para aqueles alumnos con dificultades, propoñendo contidos alternativos e complementarios para alumnos con lesións, incapacidade física e eliminando contidos.

Para referirnos ó noso alumnado falaremos de alumnos-as diversos-as, xa que cada un ten necesidades diversas que requiren unha resposta diferente pola nosa parte. Atenderemos ás necesidades educativas do noso alumnado no marco dun ensino comprensivo e aberto á diversidade.

Partindo do principio da comprensibilidade, a atención á diversidade de intereses, capacidades e motivacións deles pode levarse a cabo no ámbito das actuacións pedagóxicas curriculares. Non obstante, a veces, as necesidades educativas dalgúns requiren un conxunto de actuacións e recursos que difiren dos habituais, pois non todas as necesidades educativas especiais son da mesma natureza, nin teñen un mesmo orixe, nin polo tanto, necesitan recursos e actuacións similares. Por elo, faremos unha entrevista inicial na que tratarase de distinguir entre aquelas necesidades educativas especiais que se manifestan de forma temporal ou transitoria e aquelas outras que teñen carácter de estabilidade ou permanencia ó longo da escolarización. Despois de coñecidas as necesidades dos nosos alumnos, intentaremos dar resposta diferenciada co obxecto de lograr o máximo desenvolvemento posible das súas potencialidades.

Atoparemos moita diferenza no nivel inicial, xa que algúns teñen unha boa formación deportiva, o pertencer a clubs deportivos, e outros que só fan actividade física na clase de educación física. Faremos actividades e xogos comúns e outras actividades con niveis adecuados ás diferentes capacidades.

Tamén atoparemos alumnos-as con diversos problemas físicos, (sesións, alerxias, asma, traumatismos diversos...), os que se lle adaptará a práctica para poder participar activamente, acorde as posibilidades individuais.

Aqueles alumnos-as exentos ou con incapacidade temporal para a práctica da actividade física, terán que realizar traballos escritos, elaborar sesións e programas de desenvolvemento das capacidades físicas ou dalgunha habilidade deportiva específica e logo examinarse delas, segundo o criterio do profesor. Terán que expoñer algún traballo, colaborar en clase, organizar actividades ou participar na súa posta en práctica, axudar ós compañeiros en diversas tarefas, etc. O inicio do curso entregaráselles a documentación necesaria para desenvolver estas tarefas e a nota final basearase nos resultados acadados neles.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3

Observacións:

Son imprescindibles para a formación integral do alumno como cidadán. Para asegurar o tratamento dos contidos transversais seguiremos certos criterios: 1. Propoñer propostas de aprendizaxe de tipo cooperativo e competitivo para desenvolver actitudes de solidariedade, tolerancia, deportividade, etc. 2. Propiciar unha actitude crítica ante a publicidade sobre o tabaco, alcohol, prendas deportivas... 3. Ampliar a oferta, mediante actividades adaptadas os seus intereses e necesidades, para evitar o trato discriminatorio. 4. Utilizar unha linguaxe non sexista. 5. Nas actividades suxeridas destacar a cooperación sobre a competición, o esforzo sobre o rendemento, o diálogo sobre a imposición, etc 6. Levar á práctica actividades que menor impacto ambiental teñan e facer reflexionar ante os usos e abusos de que está sendo obxecto o medio urbano e natural. 7. Propoñer unha gama ampla de actividades e coñecementos, para que os alumnos poidan confeccionar un programa de mellora da saúde a través de actividades físicas. Desenvolveranse os seguintes temas transversais: 1. Educación para a paz; fomentaranse actitudes de solidariedade, tolerancia, cooperación, autonomía, deportividade, respecto á diversidade... , destacando ás propostas de aprendizaxe de tipo cooperativo. 2. Educación vial; a través das habilidades específicas no medio natural, inculcando sentido da responsabilidade e o aprendizaxe das normas, sinais e consellos relativos á condución 3. Educación do consumidor; actitude crítica coas marcas comerciais, instalacións recursos, ofertas de actividades, etc. 4. Educación ambiental; dende o bloque de habilidades específicas no medio natural, tratando de formar persoas críticas co seu entorno, solidarias cos problemas sociais que lles rodean e que sexan conscientes do seu papel como membros activos da sociedade. 5. Educación para a saúde; toda a materia ten unha clara orientación cara a consecución de estilos de vida saudables.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Rutas de sendeirismo. Competicións deportivas nos recreos. Visitas guiadas. Saídas ao medio natural	Roteiros pola contorna, pola comarca e a Comunidade Autónoma. Campionatos de varias modalidades deportivas. Visitas a instalacións deportivas e ao INEF. Actividades físicas e deportivas en espazos naturais			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe. Temporalización da programación. Deseño e desenvolvemento das U.D.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

AVALIACIÓN DO LÓGRO DO PROCESO DE ENSINO

A través de indicadores para ver si se consegue a participación activa do alumnado; si o nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado; si si se adoptaron medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEE; si se dá peso real á observación do traballo na aula.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

MÉTODOS PEDAGÓXICOS E DIDÁCTICOS ADECUADOS

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

